



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE SOBRADO NO MARCO DO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA DO DECRETO 168/2008, DO 24 DE XULLO, POLO QUE SE REGULAN AS AGRUPACIÓNS DAS SECRETARÍAS DE XULGADOS DE PAZ.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra banda, **Luis Lisardo Santos Ares**, alcalde presidente do Concello de Sobrado, en representación do mesmo conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para subscribir convenios en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración; xa que logo,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE do 17 de decembro de 1996), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que dentro do territorio de Galicia desempeñaba a Administración do Estado sobre revisión e aprobación das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, fixación do seu cadro de persoal e adscrición, se é o caso, de funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, aos xulgados de localidades de máis de 7.000 habitantes e aos que pola carga de traballo se considere xustificadas.



SEGUNDO.- Froito do exercicio da anterior competencia é o Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz (*DOG do 12 de agosto de 2008*) que, na súa disposición transitoria primeira, establece que en tanto non se revoguen ou deixen sen efecto polos concellos ou a consellería competente, respectivamente, as designacións de persoal idóneo das secretarías dos xulgados de paz, este persoal deberá colaborar nas funcións propias das secretarías, para o cal no seu apartado segundo senta as bases para dignificar as condicións de traballo deste colectivo que, sen relación laboral coas administracións públicas, e ao abeiro do artigo 50.3 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, está a desempeñar, por un tempo superior aos cinco anos, as funcións nas secretarías de xulgados de paz en localidades de menos de sete mil habitantes.

Neste senso, para garantir a colaboración do persoal idóneo nas funcións propias das secretarías de paz en dignas condicións de emprego, o devandito Decreto prevé a formalización de convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as administracións locais para fomentar a contratación deste persoal por parte das administracións locais competentes, coas limitacións previstas na referida disposición.

De conformidade con canto antecede, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio, de conformidade coa disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Sobrado para o financiamento da contratación laboral por parte deste, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz do concello, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior aos cinco anos.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, responderen á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período



comprendido entre o 1 de xaneiro e o 29 de novembro de 2019, data límite da xustificación do convenio.

TERCEIRA.- CAPACIDADE

Previamente á formalización do presente convenio, o Concello de Sobrado presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello obrígase a poñer á disposición da secretaría do xulgado de paz un local axeitado cos medios necesarios para a realización das actividades que son propias do xulgado de paz.

QUINTA.- ORZAMENTO E OBRIGAS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA

Co fin de fomentar a contratación do persoal idóneo como administrativo ou no seu defecto, auxiliar administrativo por parte do Concello, a Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (a través da Dirección Xeral de Xustiza) financiará ao Concello de Sobrado os gastos subvencionables sinalados na cláusula segunda, ata un máximo de nove mil cincocentos euros (9.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.461.1 do anteproxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, tramitándose o expediente ao abeiro do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, (modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001), quedando a eficacia do convenio sometida á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente para financiar as obrigas derivadas deste.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Para proceder ao pagamento, o Concello de Sobrado presentará a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control



da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo Anexo I).

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados (modelo Anexo II)
- Declaración do cumprimento do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (modelo Anexo III)
- Copias cotexadas do contrato do persoal contratado ao abeiro da cláusula primeira do presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa será o 29 de novembro de 2019.

O libramento do pagamento requirirá certificado que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas expedido pola Dirección Xeral de Xustiza.

Estas axudas serán compatibles con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de maneira que, en ningún caso, o seu importe sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia, supere o custo da actividade subvencionada.

En todo caso, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

SÉTIMA.- COMISION DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o seguimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.



As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

O prazo de vixencia do presente convenio será desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, as partes poderán acordar a renovación a través de novos convenios de carácter anual.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos obrigatorios segundo as súas cláusulas por algunha das partes.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da súa finalización.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE E CONFIDENCIALIDADE

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA E INTERPRETACIÓN.



O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Tendo en conta a natureza xurídico-administrativa deste convenio, as cuestións litixiosas que puideran derivarse da súa execución serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio de colaboración rexerase por:

- 
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.
 - Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz
- Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001

De conformidade con canto antecede e no exercicio das atribucións das que son titulares os asinantes, subscriben, en duplicado exemplar, o presente convenio no lugar e data ao comezo sinalados.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Alfonso Rueda Valenzuela

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SOBRADO

Luis Lisardo Santos Ares